

## Departamento de Relación coas Empresas, Estudos e Talleres

### Comunicado sobre as Prácticas en Empresa (PE) diante da crise do Covid-19:

1. As Prácticas en Empresa das Ensinanzas Superiores de Deseño Gráfico e de Interiores, que estaban tendo lugar, quedan suspendidas ao igual que o resto da actividade lectiva, agás o caso que se detalla a continuación.
2. Só poderán continuar desenvolvéndose as Prácticas en Empresa que se poidan facer ao través do tele traballo, é dicir, aquelas que o alumnado poida desenvolver dende a súa casa. Por suposto isto existe que a empresa oferte esta posibilidade e que o alumnado dispoña na súa casa dos medios telemáticos necesarios.
3. As horas de Prácticas feita ata o momento poderán ser recoñecidas e descontadas do cómputo total de 250 horas.
4. Reprogramarase a disciplina de Prácticas en Empresa cando finalice a crise do Covid-19 e a actividade lectiva volva a normalidade.
5. É necesario que cada alumno/a informe ao seu titor de PE da Escola, o mais rápido posible, da situación en que se encontra, é dicir, se pode acollerse ou non a realización de Prácticas dende a súa casa.
6. As Prácticas en Empresa das Ensinanzas Artísticas Profesionais: Ebanistería Artística, Ilustración e Fotografía, que non chegaron a iniciarse, permanecerán suspendidas como calquer outro módulo mentres dure esta crise, reprogramándose cando finalice.
7. As comunicacións entre alumnado, titores, empresa, departamento de PE e dirección faranse seguindo as canles habituais, xa que o profesorado estará dispoñible no correo electrónico para a resposta de dúbidas e a canalización de calquer asunto lectivo. Recórdanse aquí os enderezos electrónicos:

Titoría de Deseño de Interiores: [ricardovarela.escola@gmail.com](mailto:ricardovarela.escola@gmail.com)

Titoría de Deseño Gráfico: [carcamo@edu.xunta.gal](mailto:carcamo@edu.xunta.gal)

Titoría de Ebanistería Artística: [carpinpacome@yahoo.es](mailto:carpinpacome@yahoo.es)

Titoría de Ilustración: [luiscarreira@edu.xunta.es](mailto:luiscarreira@edu.xunta.es)

Titoría de Fotografía: [mvirginiabarro@yahoo.es](mailto:mvirginiabarro@yahoo.es)

Departamento de REET: [armando@edu.xunta.es](mailto:armando@edu.xunta.es)

Dirección: [escola.arte.antonio.failde@edu.xunta.gal](mailto:escola.arte.antonio.failde@edu.xunta.gal)

Ourense, a 16 de marzo de 2020